

DA SOMBRA À LUZ



EX UMBRA IN SOLEM

A MÚSICA DA CATEDRAL DE OURENSE



5 ABRIL 2014

EX UMBRA IN SOLEM

5 de Abril de 2014

Catedral de Ourense

ORGANIZACIÓN E PATROCINIO

Concellaría de cultura, Concello de Ourense

PRODUCCIÓN

Armonía Universal

COLABORA

Lauda Música

DIRECCIÓN

Carlos Núñez Deza

ENXEÑEIRO DE SON

Pablo Barreiro

PRODUCCIÓN DE VIDEO

RDC Producciones Audiovisuales

DESEÑO GRÁFICO

O Clube da Esquina

AGRADECIMENTOS

Cabildo Catedralicio de Ourense

Miguel Ángel González García, *Canónigo
arquiveiro da Catedral de Ourense*

Asociación de Amigos de la Catedral

MÚSICOS

CAMERATA BOCCHERINI

VIOLÍNS PRIMEIROS

Massimo Spadano, Daniel Vlashi,
Caroline Bournard, Mihai Tanasescu,

VIOLÍNS SEGUNDOS

Stefan Marinescu, Enrique Iglesias Precedo,
Ángel Enrique Sánchez Marote

CHELOS

David Etheve, María Victoria Pedrero

CONTRABAIXO

Risto I. Vuolanne

ÓBOES

Daniel Souto Neira, Carolina Rodríguez Canosa

FAGOT

Alex Salgueiro

TROMPAS

Manuel Moya, Benjamín Iglesias Martínez

ÓRGANO

Fernando López Pan

CAPELA MADRIGALISTA

TROMPA

Aida Lozano Beceiro

Como responsable da Concellería de Cultura, concibo como un deber para con toda a cidadanía preservar o patrimonio artístico da nosa querida Auria. E como tal, o patrimonio musical albergado desde hai tantos séculos na Catedral de Ourense forma parte deses bens a preservar.

Pero, cando ademais contamos co talento das persoas que conviven e conforman a nosa paisaxe urbana, como é o caso do benquerido Carlos Núñez Deza énos moito máis doado obter este obxectivo para a nosa cidade.

Estou convencida que nos tempos que vivimos nada é posible facer sen contar con todos e cada un dos talentos da nosa cidade. Este rescate da música da catedral será unha boa proba deste primeiro paso, que agardo seguirá a súa andadura no futuro.

Polo tanto, como concelleira de Educación e Cultura, constitúe unha honra poder contribuír a que toda a cidadanía de Ourense goce con esta música, tanto tempo fosilizada e que por fin cristalice nos talentos de todos estes bos intérpretes para goce de todos nós.

Así mesmo desexo que este inaugural concerto contribúa a que todas as ourensás e ourensáns nos sintamos cada día máis e máis orgullosos do noso rico acervo cultural, que aínda queda por descubrir.


Porque a cultura é un dereito de toda a cidadanía, e o goce da música constitúe un dos maiores logros democráticos dunha cidade como o noso Ourense.

Ourense, 28 de marzo de 2014

Ourense, 28 de marzo de 2014

Ana Garrido Rodríguez

Concellera de Educación e Cultura do Concello de Ourense



DA SOMBRA Á LUZ

A consecuencia das investigacións de **Manuel Rey Olleros** e **Rafael Mañez Martorell**, recompiladas nunha exhaustiva edición de *Armonía Universal* e grazas á aposta do Concello de Ourense pola recuperación do patrimonio cultural ourensano, xurdiu o concerto histórico que se ofrece este 5 de abril de 2014 na catedral, onde soará novamente música que foi composta entre os séculos X e XVIII.

Estes traballos son dun gran valor, e as súas edicións foron galardoadas cos dous primeiros premios “Grandes proxectos editoriais de Galicia 2011”, pois supoñen a recuperación dun importante patrimonio que en parte se consideraba perdido. A publicación deste rico legado musical abriu as portas a posteriores investigacións das que xa se están a obter grandes froitos e ademais cumpre un importante labor de difusión cultural, pois permite que esta música poida de novo ser interpretada, desempeñando así a súa finalidade primordial, que é chegar ao público.



CAMERATA BOCCHERINI

Creada polo violinista italiano Massimo Spadano, a *Camerata Boccherini* foi fundada como un *ensemble* de formato variable coa vontade de afondar na tradición musical que nos precede e presentala sobre os escenarios.

A Camerata actuou en prestixiosos ciclos de concertos e festivais como o “Ciclo de Música Antiga, Barroca e Clásica” do Auditorium de Tenerife, o ciclo “Liceo de Cámara” do Auditorio Nacional de Madrid cun programa de músicas de Weber, Schoenberg e Beethoven no Festival de Música Antiga dos Pirineos e Portugal e no Festival de León.

O *ensemble* gravou o seu primeiro traballo coa discográfica Naxos, que editou a súa interpretación de tres cuartetos de J. C. de Arriaga, e está a preparar unha segunda gravación da integral dos cuartetos de Manuel Canales.

CAPELA MADRIGALISTA DE OURENSE



O coro de cámara, fundado no ano 1989 coa idea de recrear a música vocal das *Capelas Pacesgas* e *Catedralicias* dos séculos XV e XVI, ven desenvolvendo dende aquela unha intensa actividade interpretando programas principalmente *a cappella* de diversas épocas e estilos, dende a música antiga ata as tendencias contemporáneas, con especial interese polos autores galegos.

Nesta andaina de 25 anos, o coro ofreceu numerosos concertos por toda a xeografía galega, participando nos máis prestixiosos festivais e ciclos corais, obtendo galardóns coma o 1º Premio no concurso “Pelegrín” (Santiago, 1994) e “De Corais” (Marín, 2001) ademais do 4º Premio no certame internacional de Avilés (2006), destacando máis recentemente a súa participación no ciclo “Xacobeo” (Santiago, 2010) ou a produción “Carmina Burana” de Carl Orff xunto á Orquestra Sinfónica de Galicia dentro do festival “Mozart” (A Coruña, 2011). Dende o ano 2008, procurando fomentar o canto coral entre os máis novos, veñen sostendo o seu propio coro novo, os *Nenos Cantores da Capela Madrigalista*, cunha importante labor didáctica e musical, participando habitualmente en intercambios e concertos xunto con outros coros infantís de Galicia e norte de Portugal.

Actualmente, a Capela Madrigalista está dirixida por Julio Domínguez e prepara ao longo de 2014 a celebración do seu 25 aniversario.

GLORIA NOVOA

SOPRANO

Nace en Ourense, onde comeza os seus estudos de piano e linguaxe musical que continúa en Madrid, no Conservatorio Profesional Arturo Soria. Recibiu clases de canto de Emilia Pulido, Amable Díaz, Sara Matarranz, Ana del Castillo e Gloriana Casero.

Durante os seus anos de Grao Profesional conseguiu distintas matrículas de honra nas materias de alemán, francés e inglés e mención de honra no último curso de canto. Participou nos cursos de técnica vocal e canto de Camerata ad Libitum, en Pontevedra, con Juan Abalde, Carmen Solís e Kevin Smith; ademais de formar parte do coro nos cursos de Dirección Coral con directores e compositores nacionais e internacionais, como Julio Domínguez, Javier Busto, Carlo Pavese, Michael Brewer ou Tamara Brooks.

Colaborou coa Madrid Sinfonietta Orchestra no XIII Festival de Arte Sacra da Comunidade de Madrid, dirixida por Manuel Tévar. Colaborou nos coros participativos de “O Mesías de Händel”, organizado por La Caixa e dirixido por Andrea Marcon. Estreou varias obras de estudantes



de composición en Arturo Soria, sendo unha delas premiada e estreada no Auditorio Nacional de Madrid. Forma parte do proxecto Singing Britain, que quere dar a coñecer o repertorio da canción inglesa dos séculos XIX e XX.

A día de hoxe, continúa coa súa formación na Escola Superior de Canto de Madrid.

SONIA BOUZADA

CONTRALTO


Nacida en Meaño (Pontevedra). Obtén as titulacións de Piano e Solfeo Transposición e Acompañamento no Conservatorio de Santiago de Compostela no ano 2002.

No ano 2008 comeza os seus estudos de canto co profesor José Antonio Campo no Conservatorio Profesional de Vigo.

Asiste a diversos cursos de canto cos profesores: Fernando Guimaraes, Kevin Smith, Helena Lazarska, Luís Madureira e Rui Taveira entre outros.

En marzo de 2010 participa no Festival XXVIII Ruta Cicloturística del Románico Internacional como mezzosoprano solista interpretando o Gloria RV 589 de A. Vivaldi, xunto ao Coro e Orquestra Vigo 430, baixo a dirección do mestre Alejandro Garrido. Un ano máis tarde interpreta como mezzosoprano solista o Requiem en Re m KV626 de W.A. Mozart.

En decembro de 2012 colabora no espectáculo “Bach a alegría móvese” ideado e dirixido polo



profesor José Antonio Campo e baixo a dirección musical do mestre Diego García que tivo lugar no Museo das palabras.

Interpreta no Coliseo do Porto o papel de Flora na ópera La Traviata de G. Verdi en abril de 2013 xunto á Orquestra do Norte de Portugal e baixo a dirección do mestre Ferreira Lobo.

En Febreiro deste ano participa no Ballet de la Rallerie de J.B. Lully dirixido polos mestres Catarina Silva e Pedro Sousa xunto a Orquestra Barroca Norte do Sul.

Na actualidade estuda na Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo do Porto onde cursa a Licenciatura en Música Antiga na variante de canto sendo alumna da profesora Magna Ferreira.

JUAN ABALDE

TENOR

Nace en Ponteareas. Mestre de Educación Musical e Pedagogía terapéutica. Comeza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Santiago de Compostela para continuar como alumno oficial no Conservatorio Profesional de Vigo na disciplina de Canto baixo as ensinanzas de Teresa Novoa e José Antonio Campos.

Rematou os seus estudos superiores na devandita disciplina con Tatiana Sajarova, Beatriz Riobó e Teresa Novoa, compaxinando estes con recitais como solista e participando en diversos montaxes como La Dolores, de Bretón, Las de Caín, de Pablo Sorozábal, Dido y Eneas de Purcell, Lucrecia Borgia, de Donizetti, na produción de Amigos de la Ópera e O barberillo de Lavapiés de Barbieri.

Realizou diversos cursos de Canto e Técnica Vocal con profesores como Montserrat Pueyo (Barcelona), Lola Bosom (Madrid), Julio Fernández (Stuttgart/Alemaña), Helen Larsson (Estocolmo/Suecia) e Miguel Zanetti (Denia/Alacante), así como de Dirección Coral con



Javier Busto (Hondarribia/ Euskadi) e Julio Dominguez (Ponteareas/ Pontevedra).

Actuou na TVG con motivo da homenaxe que se lle fixo a Luciano Pavarotti.

Foi membro do coro Camerata ad Libitum e impartiu clases de Técnica Vocal nos últimos Cursos de Dirección Coral, Canto e Técnica Vocal, organizados polo devandito coro.

Dirixiu a sección infantil Camerata Peque e desenvolve o seu labor pedagóxico no IES Pedra da Auga de Ponteareas.

JORDI RICART

BARÍTONO

Nacido en Barcelona, comeza a súa formación musical de piano, violín e canto na Escolanía de Montserrat, onde canta de tiple solista en numerosas ocasións e grava os seus primeiros discos.

No ano 1982 comeza a carreira de canto con Montserrat Pueyo no Conservatorio Superior de Música de Barcelona, despois de recibir tamén clases de diversos especialistas en música antiga e lied en Holanda.

Especializado sobre todo en música renacentista e barroca, o seu repertorio abarca tamén o oratorio clásico e romántico, despois de cantar a práctica totalidade das obras de Bach, Händel, Haydn, Beethoven, Brahms, Schubert, Schumann, etc... En canto á ópera se refire, caben ser destacadas as súas interpretacións El Giravolt de Maig de Toldrà, Die Zauberflöte e Don Giovanni de Mozart, Il Barbiere di Siviglia de Rossini, Il Maestro di Cappella e Il Matrimonio Segreto de Cimarosa, Apollo e Dafne de Galiano, Acis e Galatea de Lites e The Big Wash Cycle de Roth entre outras. Realizou actividades en practicamente todos os países de Europa, Estados Unidos, Canadá,



Oriente Medio e Xapón e dentro do marco de moitos dos seus máis prestixiosos festivais.

Colaborou e colabora regularmente cos grupos La Capella Reial de Catalunya, Al Ayre Español, Concerto Español, Real Cámara, Orquestra Barroca Catalá e Capella de Ministrers, así como en numerosas orquestras e agrupacións corais da nosa xeografía, actividade que combina co ensino en Tarragona e Lleida.

Gravou, entre outras, para TVE, TVG, TV3, Radio-2, Catalunya Música, France Musique, ZDV e KRO; e uns 70 discos para os selos discográficos Astrée-Auvidis, Deutsche Harmonia Mundi e Aliavox.

Actualmente, grazas ao grande interese que hai pola música e pola cultura en xeral neste país, vive practicamente retirado da actividade concertista.

JULIO DOMÍNGUEZ

Iníciase na música aos 5 anos, no coro do seu colexio, estudando posteriormente nos conservatorios de Vigo e Santiago de Compostela. Tras unha importante etapa autodidacta e primeiros contactos coa dirección da man de Manel Cabero e Javier Busto, percorre diferentes países traballando e asistindo a numerosos cursos e seminarios cos máis prestixiosos directores a nivel internacional, especialmente en Estocolmo co sueco Eric Ericson e en Estados Unidos con Tamara Brooks.

En 1990 funda en Galicia o coro Camerata ad Libitum, que lle leva a ofrecer centenaes de concertos nos principais ciclos e festivais interpretando programas principalmente a-cappella de todas as épocas e estilos, especialmente de compositores contemporáneos, recibindo no ano 2002 o “Gran Premio Nacional de Canto Coral”.

Como director invitado, desenvolveu programas especialmente deseñados para a xuventude á fronte de agrupacións como o Coro Novo COACE (Confederación Coral Española), Federación Flamenca de Coros (Bélxica), Universidade dos Andes (Venezuela), Universidade de Burgos e Novo



Coro de Andalucía (JCA), ademais de impartir numerosos cursos e talleres ou colaborando con agrupacións e entidades profesionais tanto nacionais (coros Nacional de España e de RTVE) como internacionais en Portugal, Italia, Bélxica, Venezuela e Estados Unidos, ademais de formar parte de xurados e tribunais ou integrar o equipo técnico da Federación Internacional para a Música Coral (IFCM).

Como compositor, as súas obras foron interpretadas nos cinco continentes, incluíndo encargos e residencias cos máis prestixiosos coros, sendo editadas e premiadas en España, Francia, Alemaña, Israel, Suecia, Noruega, Finlandia, Xapón, EE.UU e Canadá.



PROGRAMA

EX UMBRA IN SOLEM propón unha viaxe a través do tempo, onde os matices e texturas dunha música que permaneceu latente durante séculos cobran vida da man de músicos, tanto profesionais coma de novos estudantes e afeccionados de grande experiencia, conxuntándose para facernos partícipes, no marco histórico e singular desta Catedral, da enorme beleza e espiritualidade do Canto Chan e o Clasicismo do século XVIII.

O programa que imos escoitar, marcado especialmente pola recuperación da **Misa sobre o Himno a San Martiño** composta en 1780 polo mestre de capela ourensán José Quiroga, inclúe ademais unha mostra de antífonas, secuencias e fragmentos transcritos do arquivo de historia musical da propia Catedral, interpretados polo grupo instrumental CAMERATA BOCCHERINI, o coro CAPELA MADRIGALISTA de Ourense —que durante o presente ano celebra o seu 25º aniversario— e un cuarteto de solistas integrado por GLORIA NOVOA (soprano), SONIA BOUZADA (contralto), JUAN ABALDE (tenor) e JORDI RICART (baixo) coa dirección de JULIO DOMÍNGUEZ, quen desenvolveu á súa vez un importante labor previo de revisión, edición crítica e adaptación de todo o material musical.

CANTO CHAN

Grazas ao estudo e desenvolvemento da notación musical, durante os séculos XVIII e XIX prodúcese, ademais do ámbito habitual dos mosteiros onde fora cultivado dende moi antigo, un importante resurximento do canto tradicional litúrxico coa consolidación das catedrais europeas, recaendo o seu estudo e ensino na figura do mestre de capela.

É así que este canto esencialmente monódico *a cappella* conviviu durante séculos cos diferentes estilos e tendencias polifónicas, combinándose e complementándose á perfección, dando lugar a contrastes e momentos realmente expresivos dentro da liturxia.

No programa que imos escoitar esta noite, atopamos pezas de “Canto Chan” con formas e estilos diferentes, incluíndo o Codex Calixtinus —no arquivo de Ourense, por influencia do Camiño— e lamentacións de Semana Santa cuxa interpretación e desenvolvemento era habitual e de grande importancia en todas as catedrais españolas.

O concerto comeza e remata repetindo a palabra HOSANNA (*incipit* da antífona homónima), cun significado reflexivo, preámbulo e conclusión a xeito de loanza.

JOSÉ QUIROGA (1780-1816)

Falar do mestre de capela José Quiroga é falar da nosa cidade, da súa historia e dun legado musical que ao longo dos séculos puidemos recibir grazas á conservación realizada por persoas e institucións que pasaron por Ourense desde tempos remotos.

Ourensán de nacemento, José Quiroga Cárdenas naceu en 1755, pasando de neno do coro a ocupar a praza vacante de mestre de capela no ano 1780. Foi o único ourensán, en moitos séculos, que exerceu esta praza na nosa catedral. Os seus máis de 35 anos á fronte da capela de música propiciaron a composición e posta en práctica dun amplo repertorio de música sacra, abranguendo todos os xéneros relixiosos.

Entre todas as obras que compuxo, Quiroga nos deixou máis de vinte misas, sendo o mestre de capela que máis obras deste xénero compuxo ao longo da historia na nosa catedral. De todas elas cabe destacar, pola súa calidade musical —aínda que todas manteñen un nivel vocal e instrumental elevado— e pola súa importancia histórica —escrita no seu primeiro ano como mestre da Catedral de Ourense— a **Misa sobre o Himno a San Martiño**, de 1780.

O estudo detallado das particellas desta obra evidencia un autor cunha técnica compositiva digna de equipararse ás obras dos máis grandes mestres do clasicismo musical, como Mozart, Haydn ou outros coñecidos compositores. Por iso, durante o concerto desta noite teremos a sensación, en moitos momentos desta misa, de que o xenio de Salzburgo parece estar presente nalgún canto da nosa catedral.

Pero afortunadamente para os hoxe presentes, para a cidade de Ourense e tamén para toda Galicia, a obra foi escrita por un músico galego, que naceu e morreu na nosa cidade, dedicando toda a súa vida á música e a tentar que a catedral ourensá se situase musicalmente ao mesmo nivel das que máis renome tiveron por esas datas, como a Capela Real de Madrid, a Catedral de Santiago de Compostela ou a de Salamanca, entre outras. Quiroga conseguiu de sobra, demostrando unha dedicación ao seu traballo e un amor á súa cidade difíciles de alcanzar para calquera outra persoa.

Desde o punto de vista musical, a Misa sobre o Himno a San Martiño supón o inicio dun repertorio orquestral ourensán en sentido amplo da segunda metade do século XVIII, composto

dun coro repartido en dúas seccións e solistas, complementados brillantemente por un rico acompañamento instrumental de violíns, óboes, trompas, baixóns, contrabaixo e dobre órgano.

Composta polos cinco tempos característicos da Misa: Kyrie, Gloria, Credo, Sanctus e Agnus, é unha obra de gran riqueza melódica, con seccións en solitario e outras cun protagonismo evidente da orquestra, aspectos moi típicos do xa comentado estilo clásico, especialmente do estilo clásico “vienés” que Mozart e Haydn utilizaron de forma extraordinaria nas súas composicións.

Despois de exercer o seu maxisterio durante tantos anos, José Quiroga morreu de súpeto o 4 de Xullo de 1816. A súa obra e a súa dedicación no exercicio das súas funcións, marcaron un antes e un despois na historia e evolución musical da capela ourensá. escoitar unha das obras máis importantes do seu repertorio, permitíranos dispoñer de máis argumentos para recoñecer e destacar, a José Quiroga, sen medo a equivocarnos, como o “Mozart Ourensán”.

EX UMBRA IN SOLEM

MISA SOBRE O HIMNO A SAN MARTIÑO, 1780

JOSÉ QUIROGA (1755-1816)

– 1 –

Canto Chan

HOSANNA FILIO DAVID (*antífona*)

Soprano e Coro

ALMA PERPETUI (Códice Calixtino, *antífona*)

Soprano Solo

ALLELUIA (*antífona*)

Soprano e Coro

– 2 –

KYRIE

Coro e Orquestra

– 3 –

GLORIA

Solistas, Coro e Orquestra

– 4 –

Canto Chan / José Quiroga (1755-1816)

LIBERA ME DOMINE (*motete/responsorio*)

Baixo e Orquestra

INCIPIIT ORATIO JEREMIAE PROPHETAE

(*lectio*)

Baixo Solo

– 5 –

CREDO

Solistas, Coro e Orquestra

– 6 –

Canto Chan

DOMINE JESU CHRISTE (*ofertorio*)

Baixo Solo

– 7 –

SANCTUS ET BENEDICTUS

Solistas, Coro e Orquestra

– 8 –

AGNUS DEI

Solistas, Coro e Orquestra

– 9 –

Canto Chan

ALLELUIA (*antífona*)

Soprano e Coro

ALMA PERPETUI (Códice Calixtino, *antífona*)

Soprano Solo

HOSANNA FILIO DAVID (*antífona*)

Soprano e Coro



Concello de
OURENSE
Cultura



armonía **universal**

L A U D A
M U S I C A

